

Tradicións de Nadal



O Apalpador

Xesús Taboada Chivite refire o costume que denomina "a noite de apalpadoiro". Na noite de fin de ano baixa o Apalpador da montaña por ver se comeron os aldeáns, sobre todo nenos e nenas, palpándolle no ventre. Mostrándose ben fartos, provócase que o ano que entra non sexa de fame, senón de fartura. As testemuñas destes relatos proceden do interior e da montaña de Lugo.

Tradicións de Nadal



Rituais

O “cepo de Nadal” era unha póla grande de boa madeira (árbores sagrados) coma o Carballo, ou o aciuro, que se botaba no lume da lareira para que ardese durante toda a noite. Nalgunhas comarcas, para facer o cepo usábase o chamado Lume Novo, pois as brasas deste lume facíanse nas lareiras ben limpas sen mesturar lumes anteriores e queimando toxos. Logo bendiciábase esa leña miúda o Sábado Santo no adro da igrexa e gardábase porque daba boa sorte á familia.

Esta tradición procede da antigüidade celta, cando se debía manter prendido durante doce horas seguidas o lume en honra á Deusa Terra no Solsticio de inverno. Por ese motivo, nalgúns lugares cóllese o cepo máis groso que poida entrar na lareira para mantelo ardendo durante toda a noite ata o día seguinte.

Tradicións de Nadal



O Apalpador

*Vaite logo, meu meniño (miña meniña)
marcha agora para a camiña
Que vai vir o Apalpador
a apalparache a barriguiña
Xa chegou o día grande
día do noso Señor.
Xa chegou o día grande
e virá o Apalpador.
Mañá é día de cachela,
que haberá gran nevarada
e ha vir o Apalpador
cunha mega de castañas.
Por aquela cemba
xa vén relembrando
o señor Apalpador
para darvos o aguinaldo.*

Tradicións de Nadal




Cantos Nadal

Recolle-lo aguinaldo dos veciños era un dos principais motivos dos Cantos de Reis tan populares na nosa tradición oral de Nadal.

Grupos de mozos a cantar polas portas agardando recibir unha lambetada, comida ou algún outro agasallo. Porén, era esta unha tradición habitual nas nosas festas de Nadal, Aninovo e Reis hai non moitos anos. A pesar do risco de extinción na que se encontra este costume existen iniciativas para o seu mantemento e recuperación, por exemplo na forma de xugadas ou na de rondallas.

Tradicións de Nadal



Xaneiras, Panxoliñas...

En Nadal eran panxoliñas, en fin de ano xaneiras, manueis ou aninvos e en Reis os cantares de reis ou aguinaldos. Aínda que o tipo de composición mudase para cada data, a tradición de reunírense os mozos e mozas da aldea para ir de casa en casa a cantar estas pezas tradicionais era a mesma por todo o país e o obxectivo tamén: conseguir algo de xantar e algunhas lambetadas para montar unha festa. De xeito maioritario os temas das cancións estaban relacionadas co Nadal, aínda que non era extraño incluír algunha louvanza á casa para a que se estaba a cantar en cada momento para así conmover a xenerosidade do doador.

Tradicións de Nadal




Aguinaldo

*“Dieme o aguinaldo, señora por Dios;
que venimos cuatro y cantamos dos.
Díame o aguinaldo, anque seña pouco:
un touciño enteiro e a mitá doutro”.*

*“Levántese, señora, do seu sentadeiro,
vaia ó touciño e faigalle un cambeiro.
Déanos o aguinaldo, señora casada,
ovos, torresmos e longaínza asada”.*

Tradicións de Nadal



Lendas

“As ovellas non berran cando as matan porque cando os soldados de Herodes perseguían o Neno Xesús, preguntáronlle a un pastor se sabía onde nacera Xesús e entón unha ovella berrou: En Beléeeen, en Beléeeen. Por iso, como castigo, non berran cando as matan”.

(Recollida en Belesar –Vilalba- por Félix Villares Mouteira).

Tradicións de Nadal



A árbore

A colocación dun piñeiro no Nadal é unha tradición anterior á cristiandade, e provén posiblemente da cultura celta, na que acostumaban a celebrar a chegada do inverno colocando unha árbore, xeralmente un abeto, no medio do poboado adornándoo con cascas de ovo pintadas.

Algunhas investigacións tamén apuntan a que foi tomado polos romanos, que logo tamén pasou aos cristiáns, que o adornaron con obxectos brillantes e velas que representaban a lúa, as estrelas, o sol, como símbolo da luz, e que sen consciencia clara disto foi permanecendo como evolución da tradición céltica de ofrecemento aos seus deuses celtas.

Tradicións de Nadal



Candeas

O máis estendido ritual de Nadal consiste en prender unha vela nadaleira –símbolo de poder de acción e de forza solar- con mistos de madeira. Faise deste xeito para que os poderes do Sol e da Luz, neste día, cando o Sol acada a súa menor forza e, ó mesmo tempo, comeza o seu lento camiño de renacemento, iluminen esta vela coa forza do renacemento e do poder de crecemento”. Esta ou estas velas gardaranse ao longo do ano e prenderanse cando se lle pedía aos deuses protección ante problemas de saúde ou inclemencias do tempo e a natureza (trebóns, ventos, etc).

Conservamos esta tradición nas velas que adornan todos os nadais nas nosas casas.

Tradicións de Nadal



Rituais

Baseándose en crenzas relacionadas co solsticio do inverno, o Nadal posúe os seus propios rituais. Símbolo do sol, o neno recién nado ilumina a raza humana ameazada pola escuridade: é o fillo da Deusa, a Virxe, e a súa forza transcende ata presentarse como unha auténtica manifestación divina: a do Deus Sol.

Entroncando con este significado, atópanse diferentes rituais nadaleiros como colocar na casa ferraduras, campaiñas, visgo ou acivro para a protección do fogar.